

Concurso de diseño dos Cornetes do Magosto



* **Cornete:** Papel enrolado en forma de cono que serve para envasar calquera cousa que se venda a granel.

Este concurso ten un dobre obxectivo, por un lado fomentar e impulsar a creatividade e a imaxinación; e por outro conservar a tradición dos magostos.



1. TEMÁTICA

A temática estará relacionada coa castaña e os magostos.

2. PARTICIPANTES

Poderán presentarse todas aquelas persoas que o desexen, con idade comprendida entre 1 e 99 anos.

3. REQUISITOS

As obras deberán ser orixinais, inéditas e non estar premiadas e/ou publicadas con anterioridade. O debuxo deberá elaborarse de maneira individual polos participantes. A técnica será libre e en formato DIN A4 (tamaño folio), e en branco e negro. Cada debuxo deberá presentarse unicamente co título, sen firma, ou calquera outro dato identificativo da autoría.

4. ENTREGA

Os debuxos deberán entregarse a través do correo electrónico da asociación de hosteleiros e comerciantes do Casco Vello: cascovellohosteleria@gmail.com Adxuntando nome, apelidos e teléfono de contacto; recordando que no debuxo non poderá aparecer ningún dato identificativo da autoría do mesmo.

5. PLAZOS

O prazo de presentación dos debuxos comprenderá entre o 13 Outubro e o 31 de Outubro 2021. Os traballos enviados por email deberán ter como data de rexistro de entrada límite o 31 de Outubro.

6. PREMIOS

- A) Un único ganador, 300€
- B) O xurado concederá tres premios:

1º premio 300€, 2º cea para 2 persoas valorada en 50€ , 3er productos.

7. XURADO

O xurado estará composto pola directiva da asociación de hosteleiros e comerciantes do Casco Vello.

8. ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios terá lugar o día 13 de Novembro.

9. DEREITOS DAS OBRAS

Todos os debuxos presentados quedarán en propiedade exclusiva da asociación de hosteleiros e comerciantes do Casco Vello, reservándose o dereito de incluílos en algunha publicación, reprodución ou exposición.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto no Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos, e a Lei Orgánica 3/2018 sobre Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais, informámoslle que os datos persoais proporcionados por vostede para a participación no presente concurso, incorporaranse as Actividades de Tratamento titularidade de ASOCIA-



Concurso de deseño dos Cornetes do Magosto

CIÓN CASCO VELLO VIGO HOSTELERÍA E COMERCIO con CIF número G 42.831.263. A finalidade do devandito tratamento é a correcta xestión da súa participación no Concurso.

Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, borrado, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento por escrito, acompañada dunha copia dun documento oficial que identifica dirixido ao correo electrónico:

cascovellohosteleria@gmail.com

11. AUTORIZACIÓN

Considerando que o dereito á propia imaxe é recoñecido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, no Regulamento xeral (UE) 2016/679, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, anteriormente citadas.

A participación no concurso conleva a autorización expresa dos proxenitores ou titores legais dos concursantes a participar neste concurso, así coma a autorización expresa para a difusión de imaxes e/ou fotografías dos premiados, aén sendo menores de idade, e dos seus debuxos a través da prensa ou outros medios, coa soa intención de promocionar o concurso de cornetes de "Toma Castaña".

12. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso supón a total aceptación das presentes bases. Quedarán excluídos os traballos que non cumpran os requisitos de presentación.

